

O PRIMEIRO IMPRESOR OURENSÁN: RODRIGO DE LAVANDEIRA

Olga Gallego Domínguez

Moi poucas noticias temos deste impresor e libreiro, que aparece na cidade de Ourense a finais do século XV e comezo do XVI e que foi obxecto do interese de diversos investigadores, especialmente do falecido Odriozola, quen deixou nas nosas mans o encargo da publicación do testamento e codicilo que atopáramos e do que lle dimos conta, no seu momento¹. O seu inesperado pasamento deixou o encargo sen acicate, que hoxe tratamos de paliar, dando a coñecer integramente os tres documentos no remate da presente nota, que integra tamén referencias sobre os homes e mulleres que aparecen relacionados na documentación co impresor e libreiro Rodrigo de Labandeira, así como algunhas noticias doutros impresores e libreiros ourensáns do século XVI.

Boa parte dos problemas relacionados co noso biografiado procede da actual situación dos documentos con el relacionados, sobre todo o seu testamento, a memoria de débedas e o codicilo que completa as súas últimas vontades. Comezaremos, xa que logo, por anotar a situación dos documentos.

1.- Odriozola Pietas, Antonio Barreiro, Xosé Ramón. *Historia de la imprenta en Galicia*. A Coruña. La Voz de Galicia. 1992, esp. 68ss.

O testamento de Lavandeira áchase no Arquivo Histórico provincial de Ourense (AHPOUR), Protocolos notariais, caixa 4274, volume 8 e nos seguintes folios: Testamento de 1510, folios 275 rº e vº e 278 rº e vº; Memoria, anexa ó testamento, folios 276-7 rº e vº, intercalados entre os folios do testamento; e Codicilo f. 278vº a 280 rº e vº. A foliación trabucou os tres documentos debido a que o testamento ten como soporte un prego e a Memoria, outro prego, que debería acompañar ó testamento. Entón sobrepuxeron o prego da Memoria ao prego do testamento, de xeito que ao folialos quedou o testamento partido². Están escritos os documentos en letra cortesá decadente, pero nalgunhas riscaduras e na parte da validación do notario aparece a letra procesal. A lingua é xa castelán, salpicada de galeguismos, cunha redacción ás veces un tanto irregular e confusa.

A foliación dos protocolos de Xoán González Cervela, notario do número da cidade de Ourense, obedece a un caótico arranxo feito por mandato do seu sucesor Xácome de Faro na segunda metade do século XVI, formando tomos con escrituras de diversos anos aos que se lles engadiron ao comezo de cada tomo índices que moitas veces non corresponden coas escrituras. Dalgúns tomos responsabilizase Francisco Salgado, criado de Xácome de Faro, en 6-X-1561³ e outro foi arranxado por Martín Rodríguez de Ribadeo, tamén criado de Xácome de Faro, segundo consta no índice que fixo e no que non figuran os documentos obxecto deste traballo, pois o índice remata no folio 276⁴.

O **testamento** corresponde a tipoloxía documental propia do momento. Comeza no preámbulo cunha invocación a Deus, segue a intercesión á Virxe, ao Anxo S. Miguel, ao Apóstolo Santiago, S. Lourenzo Mártir, S. Francisco, confesor, e a tódolos santos e santas, mártires, virxes, confesores e apóstolos do ceo para que lle sexan perdoados seus pecados. Esta parte do preámbulo é semellante aos que figuran noutros testamentos do mesmo notario; de seguido vai unha exposición de motivos “temeroso da morte”. A parte dispositiva establece o protocolo do seu enterramento que quere sexa na igrexa de Sta. María Nai de Ourense, onde estaban os fillos que tivera, igrexa que estaba, e está, no centro da cidade, entre a Igrexa Maior e o Concello e contaba con cemiterio, quizais o más antigo da cidade na actual Praza da Magdalena, pero a súa feitura daquelas era diferente da que hoxe vemos.

2.- Nas notas que no seu día lle adiantamos a Odriozola xa figuraba esta descrición: cfr. Odriozola-Barreiro, *Historia...*, cit. 70.

3.- AHPOR. Protocolo de Juan González Cervela. Caixa 3321, f. 97.

4.- AHPOR. Caixa 4274, nº 8.

Nas disposicións do enterramento non é particularmente ostentoso, pero tampouco tacaño, pois manda de oferta pola súa ánima tres carneiros, media vaca e unha carga de pan e viño. Quere que súa sepultura sexa provista de cera e de todo o que fose necesario “honradamente”. Seguen as mandas: ó clérigo que o tivese da súa man que reciba tres reais, e as misas rezadas, cantadas, vixilias, salterios que debían celebrarse sobre a súa sepultura e que lle dirían na Catedral e en Sta. María a Madre, igrexas ás que ten particular devoción.

Nomea usufructuaria dos seus bens a súa muller, María Fonso, para que se manteña cos bens mobles e raíces “*que ella e eu hemos ganado y tenemos en esta çibdad de Orense*” e a morte dela manda que se vendan os bens del e se gasten en misas, oficios divinos e obras pías.

Lémbrase da súa familia de Asturias e manda tódolos bens que ten en Asturias, no concello de Siero, freguesía de S. Juan de Çelles, aos seus sobriños, os fillos do seu irmán Juan de Lavandeira.

Nomea cumpridores a súa muller, María Fonso, e a Blas Moreiro, primo desta, e a Gonzalo Fernández, escribáns.

Foron testemuñas o clérigo Juan de Pol, Rodrigo Vicente, racioneiro da Igrexa de Ourense, e Lois Gonzalez, clérigo, Blas Moreiro e Juan Fernández, veciños e estantes en Ourense, e Diego Díaz, escribán, criado do notario.

Subscriben con sino e rúbrica o outorgante, Rodrigo Vicente e Juan de Pol. O notario Juan González da Cervela esqueceuse de facelo, como mandaba a normativa, quizás esperando outro intre, limitándose a poñer unha fórmula de validación sen sinala nin rubricala, en letra procesal. A firma e rúbrica de Lavandeira corresponde a unha persoa fisicamente moi deteriorada, son uns riscos mal feitos que non teñen moito que ver coa firma elegante, enmarcada nos lados por dous lazos a maneira de oitos, de debuxo firme da escritura de catro anos antes (16-V-1506) e aínda menos coa da Memoria, que son uns simples garabatos. No codicilo Lavandeira xa non asina.

A **Memoria de débedas**, que anuncia no testamento, é unha relación de debedores en ámbolos dous sentidos, as débedas que lle deben e as que debe. Comprende tanto préstamos de diñeiro como débedas por venda de libros, viño, gran, rendas etc.:

En primeiro lugar figura como debedor seu o Br. Laguna, que tiña del unha taza de prata de 10 onzas de peso e un real por 2.000 mrs. e débelle tamén un ducado dun *brebiario*.

Ares Correa debíalle 350 r. de 700 constituicións, a medio real cada unha e ten outras contas con el aínda sin abonar.

Diversas persoas anónimas débenlle breviaros, entre elas o Comendador de Pazos de Arenteiro, Gago.

Figuran préstamos en pequena contía por *salteiro* ou un de 2000 r, que prestou a un Nicolás de Monterrey, escudeiro.

Tamén débedas de rendas, como o rexedor Alfonso de Prado.

Con Juan Galego tiña arrendado o beneficio de Vereas e debíanlle algo.

Hai un préstamo de 36 fanegas de pan. Un tal Rapado débelle un azumbre de manteiga. Hai tamén débedas pequenas de viño.

En canto ao que debe Labandeira, destacan os 30.000 mrs. que lle debe a Juan de Porras. Hai outras débedas pequenas en diñeiro ou por panos, pelicas, badanas e pequenas cantidades que lle prestaron. E lembra que dos 30.000 mrs. de Porras había que descargar 9 breviaros que resultaron faltosos e non se puideron vender, un dos cales deu polo seu mandado a Gonzalo das Seixas, quizás o que aparece na súa colección de libros⁵. Consigna outras cantidades por encadernacións de 60 breviaros, en total, 105 reais, como consta nas obrigacións que tiña Juan de Porras

Outras débedas menores son as que se refiren a unha criada, Tereixa, dunha soldada. A súa criada Inés manda que lle paguen, ademais da soldada, 500 pares de brancas para axuda do seu casamento.

Entre as testemuñas figuran o clérigo Juan de Pol, o racioneiro Roy Vicente, Luís González, clérigo, Juan Fernández e Diego Díaz, escribán

(Asinan e rubrican: Juan de Lavandeira e Juan de Pol.)

O **Codicilo** de 7-V-1511 era preciso, pois producíranse circunstancias que o esixían xa que esperaba un fillo. O codicilo comeza pola data tónica e crónica (1511, maio,7) e na parte dispositiva, ratifica o anterior testamento e nomea novo herdeiro e a tutela do nascituro, se estaba bautizado, por parte da nai, María Moreira.

Aos cumpridores do testamento engade a Suero de las Alas. Remata cos sinos e rúbricas de dúas testemuñas. O outorgante non asina, quizás pola súa doenza.

5.- Anselmo López Carreira, "Testamento do cóengo Gonzalo das Seixas: un home do seu tempo", en *Diversarum rerum*. Ourense. 2006, nº1, p. 153.

Declara así mesmo novas débedas, aparte das consignadas na Memoria. Destacan: Ares Correa, cóngo e provisor de Ourense, débíalle 250 reais por 410 Constitucións novas da Igrexa de Ourense que fixera e imprimira e encadernara polo seu mandado, a medio real cada unha, e que estas eran, ademais doutras 200 constitucións que lle pedira o Dr. Botello, provisor.

Logo da descrición dos documentos básicos, que se editan no remate desta nota, imos facer relación dos datos que temos para a súa biografía.

Descoñecemos o momento en que decide saír da súa terra para vir a Galicia, na que se integrou totalmente, pois aquí casou e quixo ser enterrado. A súa orixe está nas Asturias, como deixa claro Lavandeira no seu testamento de 1510, no concello de Siero, na freguesía de S. Juan de Celles, onde deixara familia, o seu irmán Juan de Lavandeira, e os seus sobriños, fillos daquel, aos que nomeou herdeiros de tódolos bens que tiña naquela terra.

Nada sabemos, polo de agora, da súa aprendizaxe de impresor e libreiro ou do seu obradoiro itinerante, montado só ou acompañado, pero non deixa de seren casualidade que a súa presenza en Ourense se vincule coa de González de la Passera -por certo tamén asturiano- e Juan de Porrás en Monterrei en 1494, precisamente nun territorio no que afora terras e beneficios anos despois⁶.

En Ourense instalouse na rúa da Carnicería, xa que así aparece nos sucesivos censos dende 1495 ata 1505⁷, seguindo nas relacións dos diver-

6.- Sobre os foros, aínda que son de data máis tardía: 1505 e 1506, cfr. un pouco máis adiante, notas 15 e 16.

7.- Seguindo a transcripción publicada por Anselmo López Carreira en *Padróns de Ourense do século XV. Fontes estatísticas para a historia medieval de Galicia*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 1995, doc. 25, f. 5. Aparece logo citado no Censo de 1495 no Repartimiento da obra da Ponte: Carniçaria

Afonso moreiro (rodrigo da labandeira)* (tachado)

E seis liñas despois: Rodrigo de labandeira

Volve aparecer do mesmo xeito en 1496 no Padrón da Irmandade (Ibidem Doc. 26, f.5) Rúa da Carniçaria: .../ alonso moreyro /roy da labandeyra.

E na mesma orde no Padrón da Irmandade 1497, cunha indicación de interese: Carneçeria: rodrigo de labandeira (casou en maio de XCVII)* (Ibidem Doc. 27 f. 4)

E se repite no f 4vº : (rodrigo de lavandeyra)*

Esta informacion ten para nós bastante interese, xa que nos sitúa a data do seu matrimonio, aínda que non nos proporcione o nome da muller. Por outros datos, dos que a súa ubicación na relación dos que pagan nos diversos censos, en que aparece a continuación ou vinculado co Afonso Moreiro, é un máis, pensamos que é cunha filla deste, o que confirmaremos máis adiante.

Outra volta o mesmo no Padrón dos que tiñan pendente o pago da Irmandade (Ibidem. Doc. 28, f.4V) Carniçeria: rodrigo de labandeira.

No Padrón da Irmandade de 1498 xa non aparece Alonso Moreiro, senon que na rúa da carneçaria (f.3Vº aparecen na relación: rodrigo de lavandeyra /martiño de moreira/ pedro rodriguez de moreira.

sos Padróns a Afonso Moreiro, quen xa aparece na mesma rúa nos padróns anteriores⁸, desaparece a partir de 1498, e do que coñecemos tiña a profesión de xastre⁹.

En Ourense Roi de Labandeira casou en maio de 1497¹⁰ con María Fonso (Afonso) Moreira, filla de Afonso Moreiro -o que explica as diferentes versións do seu nome: Fonso, co que aparece no testamento; Moreira, como se cita no codicilo; ou o máis completo María Afonso Moreira coa que aparece na carta de venda de 1516¹¹; variacións que están na orixe da explicación dun segundo matrimonio que indica Odriozola a propósito do codicilo¹²-, coa que tivo varios fillos, seguiu vivindo na rúa da Carnicería¹³, desenvolveu a súa actividade de *moldeyro* (o entorno en que se movía era o dos clérigos, seus clientes preferentes: provisosores, cóngos, racioneiros, simples

8.- Polo que sabemos Afonso Moreiro, xa vivía dende 1483 na mesma rúa como corroboran os Censos dese ano e dos seguintes 1487 e 1491 publicados por X. Ferro Couselo en *A vida e a fala dos devanceiros*. Vigo, Galaxia, 1967, doc.108, p.200; doc. 204, e nos anteriores de 1480 tamén aparece: A. López Carreira, *Padróns...*, cit.. doc.. 11 f. 6Vº, tiña dúas fillas e un seu xenro aparece citado no Censo de 1493 (A. López Carreira, *Padróns...*) pero sen nome que permita a súa identificación.

9.- A súa profesión de xastre en A. López Carreira, *Libro de protocolos de Xoán García, notario de Ourense (Ano 1490)*. Cuadernos de Estudios Gallegos. Monografías, 7. Madrid, 2007. Doc.2, f.2 V, p.24.

10.- A.López Carreira, *Padróns...*,cit. Carneçeria: rodrigo de labandeira (casou en maio de XCVII)* (Ibidem Doc. 27, f.4)

11.- O documento en AHDOur. Protocolos. Alonso Fernández,1516. Caixa 57, f. 68. Unha lectura diferente: "Martyna de Moreiras", douna M. Justo Carnicero en *Impresos y Bibliotecas del siglo XVI en Ourense*. Ourense, Duen de Bux,2004, p. a quien sigue B. Rial, *Producción y comercio...*,cit.

12.- Odriozola-Barreiro, p.69, por certo que coa lectura Sosa ou Sousa, que segue tamén B. Rial, por Fonso, o que sen dúbida reforza a diferenencia e favorece o equivoco, aínda que sexa coas matizacións que indica Odriozola. Pola súa parte, Rial, *Producción...*, cit. da a entender que é a mesma persoa pero sen argumentación.

13.- O Libro de Posesións do Cabido (ACO. LPI (signatura moderna) No recto do primeiro folio: Ihesus. Estehe ho libro das posicions et/propiedades del cabildo de la Iglesia dO/rens que foy feyto eno ano del Señor de mil e quinientos et un anos en qual ano era por mayordomo Alvaro de Camba clerigo de Santa María de Astariz.. fol. 81) indica: *Yten por una casa da torre que esta ena dita Rúa que foi de A(lonso) Moreyro e tena agora Rodrigo da Lavandera, moldeyro, seu xenro, e a súa filla Tereisa Moreyra, ambos cada uno sua metade e demarca con outra casa de Constanza de Caldelas e na casa [blanco] e paga por elas cada un anoo de foro treinta sete mrs vellos e dous diñeiros por San Martiño*". A viúva seguiu vivindo no mesmo lugar, xa que noutro libro do mesmo Arquivo da Catedral (ACO. LP2 (signatura moderna) "Memoria de las casas del Cabido Tenencia de los fueros", ao que lle fallan 8 folios no comezo onde iría a data como no anterior e que polos seus datos creo que é probablemente algo posterior, ca. 1520) no seu f. 29 (numeración moderna) se le: "*M(aria) Moreira e su hermana. Yten por unas casas da torre que están en la dha rúa que foron de A(lonso) Moreyro e tenas agora la muger que foi de R(odrigo) de Labandeyra moldeiro súa filla e tereixa moreyra su hermana ambos cada una su metade e demarca otras casas que quedo do dito R(odrigo) da Labandeyra e con casa de Gomez Lobato. Pagan por élla en cada ano treinta y sete mrs vellos e dous diñeiros*". A data posterior dedúcese do texto, xa que daquelas tiña falecido Rodrigo de Lavandeira (+1511) e vivía con viúva a súa filla, da que se da noticia tamén no documento de 1516 citado en nota 11, ao igual que doutras anotacións onde hai sucesións.

clérigos, comendador de Pazos de Arenteiro, etc..e laicos descoñecidos como un conde palentino, dos que falaremos seguidamente; pero tamén comerciantes, labregos, e xentes de oficios cos que mantén as relacións de pago de foros, empeños, fianzas e pago de servicios e mercadorías). Paralelamente podemos ver como acada unha posición acomodada froito das súas inversións e negocios de arrendamentos e foros: Dende o primeira referencia da súa estancia en Ourense en 1490 cando o Cabido lle afora unhas viñas¹⁴, ou as posteriores, nas que conta co apoio doutras persoas como por exemplo Juan Galego no arrendo do beneficio de Vereá, ou Gonzalo Fernández, na media annata do arcediagado de Varoncelle en 1506¹⁵, todos os froitos e rendas da media annata do arcediagado de Varoncelle cos seus anexos de Sta. María de Reza, Bobadela, Sta. Mariña de Monte, Ceboliño e Alberguería nese mesmo ano¹⁶, e unha certa relevancia cidadá manifesta no seu papel como postor de impostos no censo de 1504¹⁷, ou como un dos que se opoñen ao repartimento feito pola xustiza dos censos de 1506¹⁸, os foros de Vereá aos que fai referencia na Memoria, etc..., incrementando o seu patrimonio, como dá a entender no seu testamento: “ los bienes mobles e raíces... de Orense que ella (a súa muller) e eu hemos ganado e tenemos en esta cibdad de Orense” o “los bienes mobles e raíces ... que he y tengo e ube e gané” , e finou aquí antes de setembro de 1511, mes no que o substituíu como novo libreiro do Cabido, Juan García de Figueroa.

14.- ACO Notas de Juan de Ramuin XII, f. 49 vº. A noticia xa a recolleu Antonio García García (coord.) *Synodicom Hispanum*. Galicia. Madrid. Biblioteca de Autores Cristianos. 1981, p. 143.

15.- En16-V-1506, Alonso Díaz de Pedrafita, vº de Pedrafita, e Pero González, vº de Plasencia, no nome dos herdeiros e testamentarios de D.Diego de Chaves, arcediago de Varoncelle, arrendan a Gonzalo Fernández de Proyan, notario, e a Rodrigo da Bandeira, “moldero e librero”, todos los froitos e rendas da media annata do arcediagado de Varoncelle cos seus anexos de Sta. Maria de Reza, Bobadela, Sta. Mariña de Monte, Ceboliño e Alberguería, por un ano, en 16.500 maravedís, dos cales pagarían 6.500 no acto e 10.000 a Luis González, racioeiro da Catedral e “oblero” da obra da dita igrexa de Orense, á que llos deixou o arcediago. Figuran como testemuñas Eitor do Vale e Gonzalo Rodríguez, veciños de Ourense, e os sastres Gonzalo de Lion e Juan Pérez. Firma o documento Rodrigo de Labandera. Por certo, é unha firma moi elegante e de dibuxo hábil.

16.- Neste ano 1506, o Provisor do bispado de Ourense, D.Alonso de Piña, como apoderado do bispo Juan Bautista Gentil, arrenda a Rodrigo de Lavandeira, libreiro, vº de Ourense, a media annata do arcediagado de Varoncelle [ADO. Protocolo de Alonso Fernández, 1506, f. 98]

17.- Postor no Padrón de 1504, cfr. Anselmo López Carreira, *Padróns de Ourense...*, cit.

18.- AHDOU., Protocolos Alonso Fernández, 1506, Caixa 55, f. 108. 22 xullo 1506. Poder dado polos veciños de Ourense, entre os que figura Roy de Lavandeira a certos veciños para que se opoñan ao repartimento feito pola xustiza e reximento da Cidade, que se complementa co Auto do mesmo día (Ibidem f. 109) no que certos veciños de Ourense, entre iles Roi de Lavandeira, protestando que estando xunto no enterro dun finado, dan poder a Lopo de Camppramiro, a Alvaro de Sampaio, sus procuradores, “que no se juntaban ni lo hacían por hacer alboroto liga ni monipodio sino que estaban agraviados sobre los casos de que se hace mención en el dicho poder”.

A súa actividade como impresor e as súas relacións.

A primeira cita da súa actividade como impresor corresponde ao ano 1501 no Libro de Posesións do Cabido¹⁹, e será sobre todo nos anos 1505 ata a súa morte, en 1511, cando as referencias se amplíen.

No ano 1505, Lavandeira tiña unha relación profesional fluída con outros impresores, como Juan de Porras, co que mantivo negocios: Así o 29-IV-1505, reconece haber recibido do cóengo Gonzalo das Seixas, no nome de Juan de Porres, vº de Salamanca, 78 breviaros que se obriga a pagarlle no prezo acordado²⁰.

Este cóengo era levador dese cargo dende a década dos oitenta do século XV e formaba parte do sector hexemónico da cidade, xunto coa fidalguía e ricos burgueses. Era irmán do escudeiro Vasco das Seixas, que na década de 1470 fora meiriño do Conde de Lemos no couto de Melias, nas inmediacións de Ourense, e parente de Fernando González da Praza, mestre de xastre, un dos sectores profesionais mellor considerados ao longo desa centuria. Era home de boa posición económica, pois ademais de gozar dun rico canonicato e do beneficio da igrexa de S. Martiño de Soberao, conta cunha importante cantidade de diñeiro líquido na hora de repartila e era posuidor de casas, gando, casares rurais e viñas dos que percibía foros. Aínda que formaba parte do sector máis culto da cidade, o que se coñece da súa biblioteca só e un “libro de canto” e un “breviario de pergamiño” “de molde”, probablemente de orixe do Porres. Ditou seu testamento o 28-XII-1505, estando con saúde²¹.

Sobre Juan de Porres ou Porras, con que mantén relacións comerciais para a venda das súas impresións contamos con moitos datos, pero unha visión xeral podémola ver en Martín Abad²², o que nos exime de meirandes precisións. As débedas perduraron cando menos ata 1516, en que a viúva de Labandeira, outorga carta de venda para liquidar o que restaba daquel primeiro encargo coñecido de 1505²³.

19.- Libro de Posesións do Cabido (ACO. LP1 (signatura moderna) No recto do primeiro folio: Ihesus. Estehe ho libro das posicions et/propiedades del cabildo de la Iglesia dO/rens que foy feyto eno ano del Senor de mil e quinientos et un anos en qual ano era por mayordomo Alvaro de Camba clerigo de Santa Maria de Astariz.. fol. 81) indica: *Yten por una casa da torre que esta ena dita Rúa que foi de A(lonso) Moreyro e tena agora Rodrigo da Lavandera, moldeyro, seu xenro, e a súa filla Tereisa Moreira*”.

20.- ACO. Notas de Gonzalo Rodríguez, f. 68

21.- En Diversarum rerum. Revista de los Archivos Catedralicio Diocesano de Ourense. Nº 1. Ourense. 2006, p. 153-166.

22.- Julián Martín Abad, *Los primeros tiempos de la imprenta en España*. Madrid, Eds. Del Laberinto, 2003.

23.- AHDOur. Protocolos Alejo Fernández, 1516. Caixa 57, f. 88.

A esas dúas lucrativas ocupacións, de impresor e arrendatario de foros, engadiuse o 20-IV.1509 o cargo de libreiro do Cabido Catedral de Ourense, de por vida, cargo que levaba parellos os privilexios, exencións, etc. de que gozaban os oficiais da Igrexa de Ourense. Substituíu neste cargo ó Mestre Ambrosio, libreiro e oficial da librería e obras dela, que pasara a Santiago de Compostela. Creemos que as obras da librería se refiren aos libros manuscritos ou impresos que formaban a biblioteca, pero non ao local a elo dedicado, aínda que indirectamente, tamén podería ser, como dubidaba Odriozola.

D. Alonso de Deza, cóengo e vicario do Deán por D. Juan Bautista Gentil, expídelle título: “acatando la abilidad e suficiencia de vos Rodrigo de Labandera” nombrao “por nuestro oficial e maestro de libreria desta dicha iglesia” “para que useis del dicho ofiçio de librero e tengais cargo de las obras de libreria de la dicha yglesia por todos los dias de vosa vida” e para que goce das liberdades e exencións que gozan os oficiais da dita igrexa. E pide a Ares Correa, cóengo e provisor da igrexa e bispado de Ourense polo cardeal D. Pedro de Rijoles, bispo da dita igrexa e bispado, que confirme e aprrobe este nomeamento²⁴.

O 21-III-1510 imprime as *Constituciones Sinodales de Orense*, sendo Provisores o Dr. Botello e Ares Correa, das que, segundo Odriozola, non se coñece exemplar. Pouco tempo despois, o 2-V-1510, outorga seu testamento e memoria de débedas doente dalgunha enfermidade, segundo se pode apreciar na sinatura do testamento e da memoria, que mostra un deterioro físico galopante con respecto a sinatura coñecida do ano 1506.

Pero non morre por entón, xa que segue traballando e tres meses despois, o 31-VIII-1510, remata a impresión do *Manual Auriense*, o primeiro libro impreso na cidade de Ourense, descuberto formando parte das follas de garda do libro de bautizados da igrexa de Sta. Eufemia da mesma cidade, do ano 1544.

Como editor e impresor case sempre contou coa colaboración do Cabido Catedral e dos seus representantes, xa coma prestamistas ou capitalistas, pois os bispos nestes anos eran comendatarios: Antonio Palavicino Gentili(1486-1507), co seu provisor D. Juan de Deza; Pedro Isualles y Rijolis(1508-1511),

24.- ACO. Notas de Rodrigo Vázquez, V, f. 17. O documento editouse en BCMO. Documentos de la Catedral de Orense. Orense. Comisión de Monumentos de la provincia de Orense. 1923, II, p. 30-32.

sendo o seu provisor o abade de Oseira, e Orlando de la Rovere ou Rubiera(1511-1527), con Ares Correa, D. Alfonso Gago e D. Alonso de Piña como provisosores.

Ares Correa, cóengo e provisor da Igrexa de Ourense, que lle debía 250 reales por 410 Constitucións novas da Igrexa de Ourense que fixera, imprimira e encadernara por seu mandado a medio real cada unha, era, ademais, en 1511 abade da igrexa de Santiago de Alvarellos²⁵. En 1521, intitúlase protonotario apostólico, cóengo de Ourense e vicario do Arcediago de Varoncelle polo señor Lope Sánchez de Ulloa, arcediago de Varoncelle, nun poder para preito de reclamación de rendas²⁶. En 1523, arrenda ó escudeiro Gregorio de Puga por tres anos tódolos froitos do beneficio de Santiago de Rubiacós, por 17.000 mrs., o primeiro ano, e en 18.000 cada un dos dous derradeiros, coa carga de servir a súa custa a igrexa e freguesía durante os tres anos e pagar calquera tributo, décimas e subsidios ao rei e a raíña²⁷.

Ares Correa dicta seu testamento o 7-II-1528, intitulándose protonotario apostólico e veciño de Ourense. Mandaba ser enterrado no mosteiro de S. Francisco, onde estaban a súa nai e irmá. Nomea cumpridor e herdeiro universal a D. Alonso Gago, Comendador de Pazos de Arenteiro²⁸.

Un pequeno *excursus*, que nos aproxima á realidade social e familiar do Ourense da época, nos permite saber que o fillo de Ares Correa, Antonio Correa, foi tamén arcediago, e pai doutro Antonio Correa, así como posuidor dun importante patrimonio, en parte herdado, segundo consta do inventario dos seus bens do ano 1557, que mostran unha casa dotada de enxovais, mobles, prata labrada e diñeiro (reposteiros coas súas armas, louzas de Talavera, arcas encoiradas, etc.), todo o cal deixou ao bispo de Salamanca, D. Francisco Manrique de Lara, agás 1.000 ducados que quedaban para o seu fillo, menor, do mesmo nome²⁹.

Vivía na rúa Nova nunha casa con horta e pombal. No seu testamento dispón que o enterren na Catedral, diante do altar de Nosa Señora do Paraíso, para que fora capela del e dos da súa xeración. Manda que leven de oferta 12 cargas, cada unha dunha fanega de pan, un canado de viño e un carneiro vivo, e un boi. Que se poña sobre a súa sepultura unha pedra labrada co seu letreiro e outra na sepultura onde estaba sepultado seu pai, Ares Correa.

25.- AHPOR. Protocolo de Juan González Cervela. 1511, f. 50 vº.

26.- AHPOR. Protocolo de Juan González Cervela. 1521, f. 54.

27.- ADO. Protocolo de Vasco Fernández. 1523, f. 80.

28.- AHPOR. Protocolo de Pedro López de Ríocabo. 1528, f.22.

29.- AHPOR. Protocolo de Gonzalo Placer. 1557, 4º. F. 17.

Declara que o Conde de Monterrey lle debía 200 ducados que lle prestara, e o rexedor defunto, Rodrigo Vázquez Enríquez, marido de Inés, filla do señor de Belmonte, 70 ducados. Declara outras rendas que tiña no couto de Xubín e Puga. E lega a súa criada Constanza Blanca (nai do seu fillo menor de 14 anos), “*que lo había servido más de diez años y había pasado grandes trabajos en sus enfermedades que había padecido*”, a viña da Cuña, de 40 cavaduras. Da varias cantidades de maravedís polo cargo que puidera ter ás igrexas de Rubiacós, S. Salvador de Puga, Santiago de Toubes e S. Salvador de Sande. Gozaba das tenzas do Cabido de Puga, Xubín, Quinza e Mugares³⁰.

Pola súa parte, don Alonso Gago, herdeiro universal de Ares Correa, que tamén era debedor de brevarios a Labandeira, era Comendador de tódolos bens que o Santo Sepulcro de Xerusalén tiña no reino de Galicia, baixo o título da igrexa de S. Xulián de Astureses cos seus beneficios incorporados de S. Salvador de Palacios de Arenteiro, S. Miguel de Albarellos e S. Cosme de Cusanca, e outorgou presentación do beneficio de S. Miguel de Alvarellos en 4-IX-1511 a favor de Frei Gonzalo de Cerbela, freire profeso da Encomenda de Pazos de Arenteiro³¹, e diversos foros de casas no Curral do Bispo³², como provisor do bispado en nome do bispo Della Rovere.

Alonso de Piña é tamén un clérigo destacado no Ourense do século XVI, pois ademais de vicario tivo a abadía de Xunqueira de Ambía, onde realizou diversos traballos³³, e aparece con frecuencia nos protocolos como outorgante de foros.

Polo que atinxe ao Br. Laguna, que tiña del unha taza de prata de 10 onzas de peso e un real por 2.000 mrs. e que lle debe tamén un ducado dun *brebentario*, sabemos que Alonso González de la Morera, arcediago de Deza na Catedral de Lugo, lle deu a el e a outras persoas, en 1521, poder para preitos³⁴.

Outras persoas destacadas nas súas relacións son Brais Moreiro, cumpridor do seu testamento, de quen di era tío da súa muller, e que nos resulta coñecido como escribán na Cidade, documentado dende 1485³⁵, que asina

30.- AHPOR. Protocolo de Gonzalo Placer. 1557. 4º, f. 2,17,9,25

31.- AHPOR Protocolo de Juan González Cervela. Caja3322, nº 5, f. 150

32.- Cfr. F. Fariña Busto, O pleito do Curral, en BAvr.

33.- Sobre Alonso de Pina e Xunqueira cfr. José Barros Guede, *Historia e arte de Xunqueira de Ambía*. A Coruña, 2004.

34.- AHPOR. Protocolo de Juan González Cervela. 1521, f. 167.

35.- Sobre Brais Moreira, escribán, hai noitas noticias en documentos varios, desde 1484 ata 1520. Segundo o Libro de posesión do Cabido de 1501, xa citado (ACO.) vivía na rúa de Cimadevila

como testemuña unha escritura do 18-I-1505³⁶, actuando en diversos asuntos e que non cumpre confundir con outro Brais Moreiro, do mesmo nome pero posterior, libreiro, do que falaremos despois.

Tamén temos algunhas informacións de Suero de Alas, a quen nomea cumpridor no Codicilo, e que pode ser o alguacil maior do Reino de Galicia a quen D. Arnao de Velasco, Deán da Catedral de Santiago e capelán da Raíña, o 21-IX-1513, estando en Valladolid, deu poder para entender no seu deanato no que tiña xurisdicción civil e criminal³⁷. A súa relación co Suero de Alas era cotiá, pois tamén mantiña con el contas polo viño branco, unha das máis prezadas mercadorías do comercio ourensán.

Pola súa banda, a testemuña Juan de Pol, debía ser home da súa confianza, pois está presente na escritura de testamento e na memoria e que os asina, en 1525, toma en arrendo as rendas da capelanía de Sta María Madre nunha escritura de Diego de Solís, en nome de Ares Colmenero, por tres anos en un ducado cada ano³⁸, e, en 1527, da poder ao arcediago de Trastámara da Igrexa de Santiago, para pedir a Pedro de la Fuente a súa capelanía da Mezquita, da que estaba provisto³⁹.

Outras relacións de Lavandeira dedúcense da **Memoria de débedas**, que anuncia no testamento e é unha relación de debedores en ámbolos dous sentidos, as débedas que lle deben e as que el debe, e que nos permite ver unha clientela preferente de clérigos para os seus libros, e a atención ao viño e aos foros como outra fonte de ingresos e gastos, así como o uso do préstamo de metais e diñeiros como negocio florecente na cidade.

Morto Lavandeira, só sabemos da súa viúva no ano 1516, polo pago de débedas con Juan de Porras, libreiro de Salamanca por 1900 mrs. de certos breviaros⁴⁰, e as referencias dun libro de casas do Cabido⁴¹.

Coa súa morte deberon desaparecer os rastros de impresores ata o século XIX, coa excepción do traballo de Vasco Díaz de Tanco durante a década que permaneceu en Ourense nos anos centrais do século, aínda que non os de libreiros e encadernadores que cubrían as necesidades dos ourensáns.

36.- AHPOR. Protocolo de Juan González Cervela 1505. caja 3322, nº5, f.71.

37.- AHPOR. Protocolo de Juan González Cervela. Caixa 3322, nº 5, f. 8.

38.- AHPOR. Protocolo de Juan González Cervela. 1525. Caixa 4274, f. 26.

39.- AHPOR. Protocolo de Pedro Fernández. 1527, f.65.

40.- AHDO. Protocolo de Alonso Fernández. 1516, 4-II.F 68. Caja 57

41.- Cfr. notas 24 e 32.

Outros libeiros do século XVI en Ourense

O primeiro que podemos localizar chamounos a atención polo seu nome: **Blas ou Brais Moreiro**, de igual nome que o tío da muller de Roi de Labandeyra e seu cumpridor testamentario, que nun primeiro momento vinculamos familiarmente, sen que podamos afirmalo convincentemente, aínda que os vínculos e relacións entre os que practican a imprenta e os libeiros parecen estreitos na época⁴². Este libeiro, veciño da cidade de Ourense, en 23-VI-1520, arrenda a Francisco da Proba, vº de Ourense, unha casa que estaba abaixo da Carnecería e rúa da Fontaiña, por catro anos en 30 reais cada ano⁴³ e, en 1549, vende unha cavadura de horta xunto a Ponte Codesal en 6 ducados⁴⁴. En 1551, dá en arrendo un terreo e horta na Ponte Codesal, de 1 cavadura, por tres anos en 4 reais cada ano⁴⁵. En 1558 dicta testamento e estaba casado con Ana Rodríguez Moreira. Nomea cumpridor a Juan Cascón, tendeiro, seu amo⁴⁶. Súa viúva vendeu ao mercador Rodrigo Preto o alto dunha casa na rúa de Penavixía por 50 ducados, que logo trata de recuperar o marido da irmá de Ana e, finalmente, pasa ó médico Jerónimo Díaz, porque o baixo da casa era seu⁴⁷. En 1564, Ana, a súa viúva, vende unha viña en Pena Redonda, de 30 cavaduras y monte, en 268 reais de prata e unha porción de pezas de prata labrada que denotan un patrimonio importante⁴⁸.

Ana Rodríguez Moreira vivía na casa herdada dos seus pais, no comezo da rúa da Obra, xunto á porta do *Crucifijo*, foreira do Cabido⁴⁹, noutra parte da casa vivía súa irmá Apolonia e lindaba coas casas que quedaron do Arcediago D. Alonso de la Morera, que naquel momento posuía Pedro Rodríguez de la Moreira, seu fillo.

